

# ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA VINTE E TRES DE FEBREIRO DE 2012, CON CARÁCTER ORDINARIO.

## SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde:	D. MANUEL COSTA CARNEIRO D. ROGELIO LEMA MOUGÁN D <sup>a</sup> . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
Escusa asistencia	D <sup>a</sup> . MARGARITA DEVESA CARDELLE
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e tres horas e vinte minutos do día vinte e tres de febreiro de dous mil once, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

## ORDE DO DÍA

### **1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior**

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día quince de febreiro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

### **2º.- Instancias de obras de particulares**

2.1.- Instancia núm. 201200000000088 de Jesús Carril Cao, expediente número 2012/032/000002

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Laraño nº 1 (San Xián de Sales), expón que con data 04/01/2005 a Xunta de Goberno concedeulle licenza para construción de vivenda unifamiliar en Laraño nº 55, (licenza número 4/2005), e que rematadas as obras e achegando a documentación preceptiva solicita a concesión da licenza de primeira utilización.

A Xunta de Goberno, á vista do informe dos servizos técnicos municipais, acorda concederlle a licenza solicitada e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, que ascenderon, segundo a liquidación practicada para o efecto, á cantidade de sesenta euros (#60,00#) euros, xa ingresadas nas arcas municipais

2.2.- Instancia núm. 201200000000209 de M<sup>a</sup> Josefina Ferradáns Pazos

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Ribadulla (Santa Cruz), solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, consistente no revestimento de fachada oeste, nunha superficie aproximada de 54 m<sup>2</sup>, e colocación de fosa séptica, situada en A Lagoa, en solo cualificado no PXOM como de núcleo rural (N-1).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se mo-

dificará o volume actual da edificación e non afectarán á estrutura da mesma; construírse a unha distancia maior de 6,00 m. do eixo da vía e á maior distancia de 20 m. de calquera pozo; o sistema garantirá o seu tratamento para a súa posterior decantación e filtración ao terreo por gábeas filtrantes; as augas grises trataranse de forma independente ao sistema de depuración. Ademais deberá solicitar a autorización de Augas de Galicia.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de corenta e un euros con setenta e catro céntimos (#41,74#)

### **3º.- Acordo, se procede, sobre declaración de incursión en situación legal de fóra de ordenación total de vivendas**

3.1.- Instancia núm. 201200000000066 de don José Luís Picón Álvarez

Dáse conta da citada instancia na que o interesado con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita a declaración de incursión en situación legal de fora de ordenación total para a súa vivenda situada no lugar de Casanova nº 2, nos termos da documentación que se acompaña asinada polo arquitecto técnico don Jesús Estévez Loureiro..

A Xunta de Goberno á vista do disposto na Disposición transitoria terceira.- Edificacións sen licenza, da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e á vista do informe emitido para os efectos polos Servizos Técnicos Municipais acorda:

Declarar a incursión en situación legal de fora de ordenación total a vivenda situada no número 2 do lugar de Casanova -Santa Cruz de Ribadulla.

Esta declaración non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo a liquidación provisional, á cantidade de mil douscentos corenta e dous euros con sesenta e dous céntimos (#1.242,62#)

### **4º.- Facturas varias**

Dáse conta das seguintes facturas:

Quilometraxe do operario de servizos varios don José I. Munín do mes de xaneiro. Importe 127,05 euros.

Quilometraxe da educadora familiar dona Carmen A. Sabio do mes de xaneiro. Importe 106,94 euros.

Quilometraxe da monitora dona Lucia Sevio Ramos por atención do comedor do CEIP de Ortigueira en xaneiro. Importe 43,68 euros.

Quilometraxe da traballadora do servizo de limpeza dona Consuelo Castro do mes de xaneiro. Importe 42,84 euros.

Quilometraxe, peaxes e outros do funcionario don Carlos Sanmartín por xestións en A Coruña . Importe 95,05 euros.

Quilometraxe, peaxes e outros da funcionaria dona Mercedes Pereiras por asistencia á Deputación á xornada sobre da sede electrónica. Importe 71,03 euros.

Fondo social (seguro médico) da funcionaria dona María Canedo, segundo bases do orzamento municipal (75%). Importe 391,00 euros.

Fondo social (odontoloxía) da funcionaria dona M<sup>a</sup>. Teresa Amenal, segundo bases do orzamento municipal (75%). Importe 112,50 euros.

Fondo social (odontoloxía) da traballadora social dona Ana Aldrey Pereira, segundo bases do orzamento municipal (75%). Importe 37,50 euros.

Factura núm. 268 de Marcelino Estévez Fernández por poder para preitos. Importe 33,83 euros.

Facturas de Telefónica de España, S.A.U correspondentes a dependencias municipais no mes de decembro. Importe 1.319,11 euros.

Factura de Retales Gelmírez por raso. Importe 30,00 euros.

Factura núm. SPA/14249/2012 de MC SPA de Prevención, S.L por concerto prevención técnica e vixilancia da saúde en febreiro. Importe 300,58 euros.

Factura núm. 02/C-03/2012 de Delio Sánchez Lojo por clases de debuxo e pintura en febreiro. Importe 236,00 euros.

Factura núm. V338543 de Ricoh España SLU por mantemento de fotocopiadoras da casa do concello e bibliotecas no mes de febreiro. Importe 296,39 euros.

Facturas de Panadería Raviña por pinchos para os xenerais e plantación de árbores cos nenos do CPI de Vedra. Importe 252,90 euros.

Factura 2/12 de Agrupación Folclórica Colexiata do Sar por actuación da agrupación dentro do programa de música e teatro da Deputación . Importe 1.500,00 euros.

Factura núm. A/565 de Aguardientes de Galicia, S.A por licores. Importe 30,66 euros.

Factura núm. 12/60 de Puente Ulla, S.L por gasóleo bonificado para os tractores municipais no mes de xaneiro. Importe 83,00 euros.

Factura núm. 12/65 de Puente Ulla, S.L por carburantes no mes de xaneiro. importe 311,05 euros.

Factura núm. 12/66 de Puente Ulla, S.L por gasóleo para o camión de recollida de lixo en xaneiro. Importe 1.572,96 euros.

Facturas núms. F00252 e E00536 de Hierros Diego, S.L por materiais para a brigada de obras. Importe 441,20 euros.

Factura núm. 121823 de Proel Ascensores, S.L por arranxos no ascensor do CPI de Vedra. Importe 29,50 euros.

Factura núm. 14/12 de Montajes Electricos Vizcaino, S.L por mantemento alumeado público no mes de xaneiro. Importe 2.300,00 euros.

Factura núm. 2012/0253 de Sogama por tratamento dos residuos sólidos de Vedra no mes de xaneiro. Importe 7.051,73 euros.

Factura núm. 4000864064 de Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, S.A por remisión de documentación con franqueo pagado en xaneiro. Importe 968,51 euros.

Factura de Gas Natural S.U.R SGG, S.A correspondente a edificios culturais en outubro. Importe 89,89 euros.

Factura de Unión Fenosa Comercial, S.L correspondente á gardería municipal do 12/09 ao 27/10. Importe 313,26 euros.

Factura de Unión Fenosa Comercial, S.L correspondente ao CPI de Vedra do 12/09 ao 07/10 . Importe 867,21 euros.

Factura de Unión Fenosa Comercial, S.L correspondente á nave de Trobe do 12/09 ao 07/10 . Importe 338,86 euros.

Factura de Unión Fenosa Comercial, S.L correspondente á depuradora de San Xián de Sales do 26/07 ao 07/10 . Importe 959,86 euros.

Factura núm. 3012000046 de Maquinaria Agrícola del Noroeste, S.L por revisión tractor E-7264-BFN. Importe 760,76 euros.

Factura núm. 28 de Sociser Galicia, S.L por prestación do servizo de axuda no fogar a usuarios de libre concorrencia no mes de decembro. Importe 5.707,54 euros.

Factura núm. 68 de Sociser Galicia, S.L por prestación do servizo de axuda no fogar a dependentes no mes de xaneiro. Importe 10.709,96 euros.

Factura núm. 67 de Sociser Galicia, S.L por prestación do servizo de axuda no fogar a usuarios de libre concorrencia no mes de xaneiro. Importe 3.708,29 euros.

Factura núm. 0101-1200095 de Cogami Reciclado de Galicia, S.L por recollida de residuos do punto limpo. Importe 33,37 euros.

Factura núm. 005 de Instalacións Eléctricas Lino por traballos realizados dende xuño a decembro. Importe 1.449,69 euros.

Factura núm. 9/2012 de Técnicas & Gramaxe, S.L por deseño do cartel e folleto do Alto dos Xenerais da Ulla. Importe 88,50 euros.

Factura núm. A/12 -2764 de Maquinaria Conde Valente, S.L por alugamento de cortacésped e outros. Importe 73,70 euros.

Factura núm. A12/89 de Gallega de Sistemas y Telecomunicaciones, S.L por arranxo reemisor de TDT de A Gaiosa. Importe 618,97 euros.

Factura núm. 12/00089 de Sapa Cont. y Serv. S.L por retirada de materiais do punto limpo. Importe 413,40 euros.

Factura núm. 43 de Droguería Ferretería El Sol, S.L por materiais diversos. Importe 67,33 euros (coa abstención da Presidencia).

Factura núm. 69011E de Electro Bermúdez por placas para a Ruta Cabalar do Río Peireiro. Importe 216,08 euros.

Factura núm. 32 1071, 32 1234, 32 1070 e 32 1083 de Ulla Oil, S.L por gasóleo de calefacción para o centro de saúde, casa do concello, e gardería municipal. Importe 2.721,42 euros.

Factura núm. 320 de Viajes Peillet, S.L por autocar para o traslado de usuarios do servizo de ludoteca no mes de xaneiro. Importe 302,40 euros.

Factura núm. 319 de Viajes Peillet, S.L por autocar para a o traslado de usuarios do servizo de ludoteca en decembro. Importe 594,00 euros.

Factura núm. 318 de Viajes Peillet, S.L por viaxes ás Termas de Outariz nos meses de outubro, novembro e xaneiro e á feira de Santos en Portugal, con achegas dos participantes. Importe 1.431,00 euros.

Facturas núms. 42/E12, 0043/E12, 0045/E12 e 0044/E12 por arranxos na maquinaria municipal nos meses de decembro do 2011 e xaneiro 2012. Importe 1.504,50 euros.

Recibo de Digital + por servizo Canal + Liga na casa da terceira idade no mes de febreiro. Importe 17,95 euros.

Recibo de Editorial Compostela, S.A por subscrición ao xornal no mes de febreiro. Importe 41,00 euros.

Recibo de Mafre por seguro responsabilidade civil. Importe 8.777,42 euros.

Recibo de La Voz de Galicia, S.A por subscrición ao xornal no mes de xaneiro. Importe 32,00 euros.

Recibo de Prysma, Proyectos , Ingenierías y Suministros de Medicina, S.L por materiais para o servizo de fisioterapia. Importe 20,20 euros.

Recibo de O Dúo Máster pola actuación no Entroido municipal. Importe 400,00 euros.

Gastos da excursión da terceira idade ao Courel, con cargo a achegas dos participantes. Importe 1.064,00 euros.

Premios dos concurso de disfraces do Entroido Municipal. Importe 1.100,00 euros.

Factura núm. 52 de Frutas Compostela, S.L por grelos para o Entroido. Importe 12,25 euros

Factura núm. A-153 de Actialia Comunicación, S.L por tóner para a impresora do Xulgado de Paz. Importe 50,45 euros.

Gastos de billete de avión do Sr. Alcalde, don Carlos Martínez, para xestións municipais en Madrid. Importe 120,41 euros.

Factura núm. 1201000881 de Adif por aluguer da estación de ferrocarril de Santa Cruz no mes de xaneiro. Importe 206,50 euros.

Factura núm. A/173 de Proyectos Ing. y Sum. de Medid. S.L por papel para o servizo de fisioterapia. Importe 36,72 euros.

Recibo de Seguros Catalana Occidente, S.A correspondente á retroexcavadora. Importe 250,00 euros.

Recibo de Seguros Catalana Occidente, S.A correspondente ao tractor municipal E-2564-BDT. Importe 90,00 euros.

Recibo de Seguros Catalana Occidente, S.A correspondente ao Antigo Xulgado, Consultorio Médico de Santa Cruz e Pavillón Municipal. Importe 1.144,55 euros.

Recibo de Seguros Catalana Occidente, S.A correspondente ao Museo Paz Camps, Protección Civil, Casa da Terceira Idade e Biblioteca Municipal. Importe 1.817,07 euros.

Recibo de Seguros Catalana Occidente, S.A correspondente á Casa do Concello. Importe 815,37 euros.

Factura núm. A/34/12 da Asociación Nacional de Agrupación de Voluntarios de Protección Civil por seguro voluntarios. Importe 360,00 euros.

Facturas de Telefónica de España, S.A.U correspondente á sede de Protección Civil en decembro e xaneiro. Importe 160,98 euros.

Facturas de Telefónica de España, S.A.U correspondentes a dependencias municipais no mes de xaneiro. Importe 1.366,00 euros.

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas.

#### **5º.- Outros asuntos**

Non se presentan

Conclúe ao fío das vinte e tres horas e cincuenta minutos.